



RESOLUCIÓN DE 1 DE XUÑO DE 2021 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE VIGO SOBRE CRITERIOS DE AUTORIZACIÓN DE PERMISOS E A ORGANIZACIÓN NO PERÍODO FESTIVAL (DE XUÑO A SETEMBRO) DE 2021

Durante os anos 2019 e 2020 foi necesario ditar diferentes resolucións por parte desta Xerencia co fin de establecer criterios especiais de ordenación en determinadas categorías profesionais sanitarias por mor da situación de indispoñibilidade de aspirantes nas listaxes de selección temporal en número suficiente para dar cobertura aos postos de traballo desas categorías que así se precise para garantir o mantemento da actividade asistencial (en concreto enfermeiras, matronas e técnicos especialistas en imaxe para o diagnóstico de resonancia magnética)

Os datos de evolución de dita indispoñibilidade nos últimos meses poñen de manifesto unha agudización maior do problema e a súa posible extensión a outras categorías profesionais. Nesta evolución é importante non esquecer o impacto da situación derivada da crise sanitaria iniciada o 14 de marzo de 2020 por COVID 19 e a súa evolución ata o momento actual. Ademais, a este agravamento na indispoñibilidade de aspirantes para a vinculación temporal de determinadas categorías profesionais, contribúe unha excepcional concentración de causas de ausencias (incremento do absentismo por IT).

Fundamentada na situación excepcional descrita, resulta oportuno establecer unha serie de medidas que permitan graduar a avaliación da autorización ou denegación dos permisos solicitados así como incrementar a disposición de persoal que poida garantir as coberturas necesarias. Na avaliación das posibles autorizacións de ausencias deberá terse en conta, ademais da dispoñibilidade de persoal para garantir a súa cobertura, as necesidades asistenciais derivadas da concorrencia deste período con situacións de pico de presión de urxencias e/ou de hospitalización.

Informada a comisión de centro de atención primaria e atención hospitalaria, esta Xerencia, de conformidade co Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e en virtude das funcións e competencias atribuídas no Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia e da Orde do 22 de abril de 2020 (DOG núm. 82, do 29 de abril), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde.

RESOLVE

Primeiro. Establecer as medidas que se indican a continuación destinadas a garantir a continuidade asistencial mediante a ordenación de recursos humanos. Para o cal, dada a concorrencia de



permisos e licencias, debe graduarse a súa concesión tendo presente a dispoñibilidade de persoal e a presión asistencial.

En primeiro lugar só se terán en conta para a súa avaliación os permisos programables solicitados por persoal no prazo establecido para cada permiso, para o seu desfrute no período ordinario de vacacións (de xuño a setembro). Os permisos programables solicitados fóra do prazo establecido, non serán admitidos.

Unha vez cubertas ditas vacacións e tendo que reservar dispoñibilidade para ausencias non programables e picos de actividade, non quedará previsiblemente persoal dispoñible para a cobertura de días de libre disposición no dito período de referencia.

Os días de libre disposición só poderán autorizarse no caso de non requirir a necesidade de substitución con persoal temporal e tamén no caso de que se organicen as coberturas por autoxestión en cada unidade.

Segundo: Denegaranse os permisos sen soldo que se soliciten ou que estean sen resolver e que afecten ao período indicado se é necesaria a súa substitución e nono houberse persoal suficiente.

Excepcionalmente, no caso de ser preciso pola concorrencia sobrevida de ausencia de profesionais, poderse revogar a autorización de permisos sen soldo xa concedidos, sempre que a dita revogación se realice alo menos cunha antelación 15 días antes do inicio do aproveitamento.

Terceiro: Establecer as medidas excepcionais que se indican a continuación destinadas a garantir a disposición de persoal para a cobertura das ausencias autorizadas:

- a) Non autorizar novas peticións de suspensión voluntaria de chamamentos sen causa específica por parte das persoas inscritas nas listaxes de selección temporal, e suspender temporalmente o prazo regrado de reposición por finalización das suspensións vixentes co fin de acadar a súa dispoñibilidade de forma inmediata.
- b) Habilitar a dispoñibilidade de relacións das persoas inscritas en FIDES para as próximas listas de selección temporal das categorías nas que sexa preciso, por resultar deficitarias.
- c) Reasignación de efectivos para cubrir atención programada e urxente con persoal propio mediante: o persoal de reforzo nas unidades por riba da plantilla adscrita poderá reasignar a coberturas imprescindibles noutras unidades.
- d) Cubrir a actividade de autoconcertación programada con persoal propio de forma voluntaria.



- e) Propoñer a suspensión voluntaria do nomeamento ao persoal con nomeamentos a tempo parcial para pasar a prestar servizos a tempo completo de aquelas categorías que resulte necesario, para ausencias diferentes ao titular.
- f) Autorizar excepcionalmente ao persoal que voluntariamente o manifesten, a realización de quendas adicionais retribuídas, así como de xornada complementaria en PAC (por riba de 1570) e de prolongacións de xornada en Unidades AP para a cobertura de vacacións xa programadas con anterioridade e ausencias imprevistas. Dada a súa compensación específica, a realización destas quendas adicionais non modifican o calendario laboral ou carteleira de quendas da persoa afectada nin alteran o seu cómputo de xornada anual.
- g) Non se informarán favorablemente as comisións de servizo fóra da Área Sanitaria, no caso de non contar con persoal suficiente para a súa substitución.

Terceiro : A Comisión de Centro será informada da revogación das vacacións e permisos solicitados.

Vigo, 1 de xuño de 2021

O xerente da Área Sanitaria de Vigo

Francisco Javier Puente Prieto



